

Aberto o prazo para o banco de instrumentos

Qué é o banco de instrumentos? É un sistema de préstamo de instrumentos para que o alumnado da Escola empadroado poida realizar a súa aprendizaxe cando non dispoña de instrumento propio.

Cando se pode solicitar? O prazo é do 17 ao 24 de setembro de 2021.

Quen pode solicitar? Alumnado empadroado matriculado na Escola Municipal de Música na disciplina de práctica instrumental.

Cómo se solicita?

- Presencialmente: No **registro do Departamento Municipal de Educación** (non é precisa cita previa): Avda. dos Bosques, 16 Baixo (entrada por R/Rúa de Noia), de luns a venres de 9:00 a 14:00 h.
- Telemáticamente: a través do registro da **Sede electrónica** municipal..

Documentación a aportar:

- Modelo normalizado de solicitude
- Fotocopia do DNI ou outro documento acreditativo da identidade da persoa para a que se solicita o préstamo, dos proxenitores ou dos representantes legais segundo proceda.
- Fotocopia do libro de familia ou documentación que o substitúa.
- Impreso de autorización para a obtención dos datos tributarios do ano fiscal que corresponda das persoas que integran a unidade familiar con idade laboral. As persoas non obrigadas a declarar presentarán tamén a dita autorización. En todo caso, é obriga e responsabilidade das familias estar ao corrente nos seus datos fiscais coa AEAT.